



CLUB NATACIÓN FERROL – ELINCO
R/ Emilia Pardo Bazán nº 46, baixo
15406 (Ferrol)
Tel./Fax.: 981 32 47 12
Correo: info@natacionferrol.com
Páx. Web: www.natacionferrol.com



MEMORIA DEPORTIVA TEMPADA 2009/2010

Ao longo da tempada 2009/2010, o Club Natación Ferrol- Elinco participou en tódalas competicións organizadas pola Federación Galega de Natación, así como nos distintos Trofeos celebrados na nosa Comunidade: Trofeo Cidade da Coruña, Encontro Concello de Arteixo, Trofeo Nadal de Vigo, Trofeo Promesas do Lérez, XXX Memorial Juan Varela, Trofeo Amizade de Ponteareas, Trofeo Cidade de Narón, Trofeo Deputación de Pontevedra; e tamén noutros celebrados fóra da nosa Comunidade como o Trofeo Villa de Gijón.

No referente á organización de probas, ademais das distintas xornadas da ligas de promesas, benxamín, alevín, infantil que tiveron carácter local ou zonal e a Copa Galega de Clubs absoluta; destacar a organización do **Campionato Galego infantil de verán** celebrado os días 26 e 27 de xuño de 2010, no C.P. Javier Gómez Noya que supuxo un éxito tanto deportivo como organizativo para o noso Club.

Nos éxitos deportivos máis importantes sinalar os seguintes:

Categoría promesas:

Disputáronse catro xornadas de liga, nas que o noso Club clasificouse na 9ª posición da clasificación conxunta, acadando así a clasificación para participar no **Festival de Promesas** que se celebrou en Lugo), competición na que o noso Club acadou o 4º posto na clasificación final. Destacar nesta categoría a incorporación de un gran número de nadadores/as entre cinco e sete anos.

Categoría benxamín

Disputáronse cinco xornadas de liga, nas que o noso Club clasificouse no posto 12º na clasificación final (9º posto na categoría feminina e 13º posto na masculina). Clasificándose así para disputar a **Copa Galega de natación benxamín disputada en Riveira**, competición na que acadamos a 12ª posición na clasificación final conxunta.

Categoría alevín

Disputáronse seis xornadas de liga nas que o noso club acadou o 4º posto na clasificación conxunta (14º posto en categoría feminina e 2º posto na masculina)

A destacar nesta categoría a participación no **Campionato Galego alevín celebrado en Riveira**, onde o Club Natación Ferrol acadou o 6º posto na clasificación conxunta (10º posto na feminina e 3º posto na masculina) a nivel individual destacar as medallas conseguidas polos nadadores **Carlos Quintela, Antón Dopico e Telmo Bouza**, na categoría masculina, así como as conseguidas nas probas de remudas, polo equipo



CLUB NATACIÓN FERROL – ELINCO

R/ Emilia Pardo Bazán nº 46, baixo

15406 (Ferrol)

Tel./Fax.: 981 32 47 12

Correo: info@natacionferrol.com

Páx. Web: www.natacionferrol.com



masculino de 4x100 libres, 4x200 libres e 4x100 estilos formado por **Carlos Quintela, Antón Dopico, Telmo Bouza, Marcos Ruíz e Iago Pérez**. Destacar neste Campionato a mellor marca galega de idades de 13 anos en piscina de 25m acadada polo nadador **Telmo Bouza** na proba de 200 bolboreta.

Destacar tamén a presenza de dous nadadores no **Campionato de España Escolar (CSD)**, competindo coa Selección Galega, que se celebrou do 9 ao 11 de xullo de 2010 en Madrid. Participaron polo noso Club: **Antón Dopico** nas probas de 1500 libres (7º posto) e 400 libres (15º posto) e **Telmo Bouza** en 1500 libres (**1º posto e campión de España**), 200 bolboreta (11º posto) e 400 estilos (10º posto). Así como nas probas de remudas nas que participaron de 4x200 Libres (4º posto), 4x100 Libres (12º posto). Así mesmo, nesta campionato, o nadador **Telmo Bouza** obtivo a mellor marca de idades de 13 anos en piscina longa na proba de 200 Bolboreta.

Categoría infantil

Disputáronse catro xornadas de liga nas que o noso Club acadou o 2º posto na clasificación conxunta (2º posto na feminina e 7º posto na masculina).

Participación das nadadoras Nerea López, Laura Santalla e Silvia Trasancos no Campionato Galego de Longa Distancia, celebrado en Pontevedra o pasado 31 de outubro de 2009, tendo todas elas unha boa actuación na proba de 2000 metros libres.

Destacar nesta categoría a participación no **Campionato Galego infantil de inverno** celebrado en Lugo os días 6 e 7 de marzo de 2010 na piscina do Fluvial, onde o Club Natación Ferrol acadou o 4º posto na clasificación conxunta (3º posto na feminina e 7º posto na masculina) a nivel individual destacar as medallas conseguidas polos nadadores/as **Nerea López, Paula Cernadas, Laura Santalla, Paula Nebril, Brandán Mier, Antonio Castro, Héctor Pérez e José Martínez**. Destacar tamén as medallas obtidas nas remudas de 4x200 libres, 4x100 libres e 4x100 estilos feminino.

Así como a participación no **Campionato Galego infantil de verán** celebrado en Ferrol os días 26 e 27 de xuño de 2010, na piscina do Complexo Polideportivo Javier Gómez Noya, onde o Club Natación Ferrol-Elinco acadou o 5º posto na clasificación conxunta (6º posto na feminina e 6º posto na masculina). A nivel individual destacar as medallas conseguidas polas nadadoras/es **Nerea López, Paula Cernadas, Laura Santalla, Paula Nebril, Brandán Mier, Antonio Castro, Héctor Pérez**. Destacar tamén as medallas obtidas nas remudas de 4x200 libres e 4x100 libres feminino.

Destacar tamén o **Campionato de España infantil de inverno** celebrado en Madrid os días 26 a 28 de marzo de 2010, onde o noso Club estivo representado polas nadadoras **Nerea López e Laura Santalla** nas probas individuais, así como das nadadoras **Paula Nebril e Paula Cernadas**, completando o equipo de remudas de 4x100 libres e 4x100 estilos. A destacar dentro deste campionato a medalla de bronce



CLUB NATACIÓN FERROL – ELINCO

R/ Emilia Pardo Bazán nº 46, baixo

15406 (Ferrol)

Tel./Fax.: 981 32 47 12

Correo: info@natacionferrol.com

Páx. Web: www.natacionferrol.com



acadada pola nadadora **Nerea López** na proba de 50 libres e a 9ª posición de **Laura Santalla** en 100 braza.

No **Campionato de España infantil de verán** celebrado en Palma de Mallorca, os días do 14 ao 18 de xullo de 2010, o noso Club estivo máis amplamente representado, xa que participaron: **Nerea López e Laura Santalla** en probas individuais, así como as nadadoras **Paula Nebril e Paula Cernadas**, completando o equipo de remudas de 4x100 libres e 4x100 estilos. A destacar, dentro deste campionato a medalla de bronce acadada pola nadadora **Nerea López** na proba de 50 libres e a 3ª posición de **Laura Santalla** en 100 braza.

Así mesmo, nesta categoría, a nadadora **Nerea López** obtivo a Mellor Marca Galega de idades de 14 anos en piscina longa na proba de 50m libres.

Tamén tivemos representación masculina neste campionato: **Brandán Mier e Héctor Pérez**, que participaron nas probas de 100 braza e 200 costas respectivamente, obtendo unhas marcas moi aceptables para o seu debut nas competicións nacionais.

Subliñar nesta categoría, a participación do noso Club no **Campionato de España de mozos**, celebrado en Pontevedra os 19, 20 e 21 de marzo de 2010. Nesta ocasión representaron ao noso Club **Nerea López e Laura Santalla**, que tiveron unha destacada actuación a pesar de ser esta unha competición destinada a nadadores/as de categoría júnior.

Destacar por último nesta categoría a convocatoria coa **Selección galega** das nadadoras **Nerea López e Laura Santalla** para participar no **I Campionato Infantil por Comunidades Autónomas** celebrado en Badajoz os 12 e 13 de decembro de 2009. Así como a convocatoria para unha concentración da Federación Galega en Pontevedra, dos nadadores/as **Antonio Castro, Nerea López e Laura Santalla**, previa o Campionato de España de verán.

Categoría júnior

Destacar nesta categoría a participación na proba de 3000 metros libres das nadadoras **Fátima Sánchez e Sonia Nebril e o nadador Jorge Pardo** no **Campionato Galego de Longa distancia**, celebrado en Pontevedra o pasado 31 de outubro de 2009.

A destacar nesta categoría a participación no **Campionato Galego júnior celebrado conxuntamente co absoluto de inverno** celebrado en Santiago os días 29, 30 e 31 de xaneiro de 2010 na piscina de **Santa Isabel**, onde o Club Natación Ferrol-Elinco acadou o 4º posto na clasificación conxunta (3º posto na feminina e 6º posto na masculina). A nivel individual destacar as medallas conseguidas polos nadadoras **Sarai Rivera e Aldara Sedes**, en feminino e **Javier Suárez** en masculino, nas probas individuais. No tocante ás **remudas**, destacar as medallas obtidas **no 4x100 libres e**



CLUB NATACIÓN FERROL – ELINCO

R/ Emilia Pardo Bazán nº 46, baixo

15406 (Ferrol)

Tel./Fax.: 981 32 47 12

Correo: info@natacionferrol.com

Páx. Web: www.natacionferrol.com



4x100 estilos feminino, formadas polas nadadoras Sarai Rivera, Aldara Sedes, Fátima Sánchez, Rebeca Romero e Sonia Nebril.

A destacar nesta categoría a participación no **Campionato Galego júnior celebrado conxuntamente co absoluto de verán** celebrado na piscina olímpica de Pontevedra os días do 2 ao 4 de xullo de 2010, onde o Club Natación Ferrol-Elinco acadou o 3º posto na clasificación conxunta (3º posto na feminina e 6º posto na masculina). Destacar a nivel individual as medallas conseguidas polos nadadores/as: **Fátima Sánchez, Sarai Rivera e Aldara Sedes**, en feminino e **Javier Suárez e Fernando Rodríguez** en masculino. Nas remudas destacar as medallas obtidas nas remudas de **4x100 libres e 4x200 libres e 4x100 estilos feminino**, formando parte destas remudas as nadadoras **Sarai Rivera, Aldara Sedes, Fátima Sánchez, Rebeca Romero, Noa Sobrado e Sonia Nebril**).

Destacar tamén dentro desta modalidade a Longa Distancia, na que tivemos a participación da nadadora **Fátima Sánchez** no **Campionato de España de Augas Abertas** disputado no Canal Olímpico de Castelldefels, Barcelona, o pasado 20 de xuño de 2010, realizando unha distancia de 5 km. Acadando finalmente un meritorio 11º posto.

No **Campionato de España júnior de verán** en Barcelona, do 23 ao 25 de xullo de 2010, o noso Club estivo representado por catro nadadoras: **Rebeca Romero, Aldara Sedes, Sarai Rivera e Fátima Sánchez** que participaron na proba de remudas de 4x100 estilos, mellorando todas as nadadoras a súa mellor marca individual. Destacar a participación a nivel individual de **Aldara Sedes** na proba de 200 braza.

Mención aparte merece nesta categoría, a participación co noso Club durante esta tempada da nadadora discapacitada **Noelia Cabanas**, tanto nos **Campionatos galegos de inverno coma de verán**, onde acadou o primeiro posto nas probas de 100 braza, 50 libres e 100 libres na súa categoría S-11, así como nos **Campionatos de España FEDEC de inverno e verán**, celebrados en Madrid e Oviedo respectivamente.

Categoría Absoluta

Nesta categoría, acadamos a permanencia na **división de honra** da Copa Galega de Clubs, acadando por primeira vez na historia do Club a clasificación para disputar a fase do título, reservada aos tres primeiros equipos da fase preliminar, acadando o terceiro posto na clasificación final.

Participamos no **Campionato de Galego de Longa Distancia** celebrado en Pontevedra o pasado **31 de outubro de 2010**, coa presenza de **Roi González** na categoría masculina e **Raziel Mier** na feminina; participando ambos na proba de 3000 libres e acadando a medalla de **bronce** das respectivas categorías, en ambos casos.



CLUB NATACIÓN FERROL – ELINCO

R/ Emilia Pardo Bazán nº 46, baixo

15406 (Ferrol)

Tel./Fax.: 981 32 47 12

Correo: info@natacionferrol.com

Páx. Web: www.natacionferrol.com



Nos **Campionatos Galegos de inverno celebrados en Santiago** os días 29, 30 e 31 de xaneiro de 2010 na piscina de **Santa Isabel**, obtivemos o 5º posto na clasificación conxunta (6º en masculino e 5º en feminina). A nivel individual, destacar as medallas acadadas polos nadadores/as **Marcos García, Luís Suárez e Roi González en masculino e Claudia Villar en feminino.**

Así mesmo neste Campionato, bateuse a plusmarca galega absoluta da proba de 200 estilos a cargo do nadador do Natación Ferrol-Elinco, **Marcos García.**

Nos **Campionatos Galegos de verán celebrados en Pontevedra** os días do 2 ao 4 de xullo de 2010, na piscina Rías do Sur, obtivemos o 4º posto na clasificación conxunta (6º en masculino e 3º en feminina). A nivel individual, destacar as medallas acadadas polos nadadores/as **Marcos García, Luís Suárez e Roi González en masculino e Claudia Villar, Patricia García, Laura Santalla, en feminino.**

Xa con relación os Campionatos de España, destacar a participación nesta categoría dos nadadores **Marcos García, Alberto Fernández, Luís Suárez, Miguel Sanjuán e Claudia Villar no Campionato de España de inverno**, celebrado en Castellón os días do 26 ao 29 de novembro de 2009, campionato no que o nadador **Marcos García** acadaba a medalla de bronce na proba de 50 bolboreta, batendo neste Campionato as plusmarcas galegas absolutas desta mesma proba e tamén as de 200 bolboreta e 100 libres.

No **Campionato de España Open de primavera** celebrado en Málaga do **22 ao 25 de abril de 2010**, o noso Club estivo representado por catro nadadores: **Héctor García, Luís Suárez, Marcos García e Claudia Villar.** Os resultados destacados foron os conseguidos polo nadador **Marcos García**, que conseguía acceder ás tres finais “A” das tres probas nas que nadaba. Tamén a actuación de **Claudia Villar e Luís Suárez** neste Campionato, logrando acceder ás finais B nos **200 costas e 100 libres**, respectivamente .

Dentro deste grupo de nadadores, dous deles: **Marcos García e Luís Suárez**, foron seleccionados pola Federación Galega para participar no Campionato de España por Comunidades Autónomas. Acadando **Marcos García a medalla de prata** nas probas de 50, 100 e 200 bolboreta. Ambos nadadores/as acadarían tamén unha **prata** e un **bronze** formando parte das remuda de **4x50 e 4x100 estilos.**

Nos **Campionatos de España de verán** desta categoría, celebrado en Barcelona, do 20 ao 22 de xullo de 2010, destacar a participación dos nadadores: **Marcos García, Héctor García, Luís Suárez e Claudia Villar.**

O nadador **Marcos García** acadou dúas medallas de bronce nas probas de 200 estilos, obtendo a plusmarca galega da proba, e 100 bolboreta, así como a medalla de prata na proba de 50 bolboreta.



CLUB NATACIÓN FERROL – ELINCO

R/ Emilia Pardo Bazán nº 46, baixo

15406 (Ferrol)

Tel./Fax.: 981 32 47 12

Correo: info@natacionferrol.com

Páx. Web: www.natacionferrol.com



Neste Campionato, a nadadora **Claudia Villar** alcanzaba as finais nas probas de 100 e 200 costas e 400 estilos. Acadando finalmente un meritorio 5º posto na categoría absoluto mozo.

Dentro desta categoría destacar a participación do nadador **Roi González** no **Campionato de España de Longa Distancia** celebrado en Madrid o pasado día 27 de febreiro de 2010, acadando un meritorio 9º posto na distancia de 5000 metros libres.

Destacar tamén dentro desta modalidade de longa distancia, a participación dos nadadores **Roi González** na categoría masculina e **Raziel Mier** na feminina, no **Campionato de España de Augas Abertas** disputado no Canal Olímpico de Castelldefels, Barcelona, o pasado día 20 de xuño de 2010, sobre unha distancia de 5 km. Acadando Roi González un 9º posto e Raziel Mier un 11º posto.

PROXECTOS DEPORTIVOS PARA A TEMPADA 2010 / 2011

O mesmo que en todas as tempadas anteriores: participación nas Competicións organizadas pola Federación Galega de Natación, así como nos distintos Trofeos da nosa Comunidade, sendo a Copa Galega e os Campionatos de España e galegos unha das metas individuais máis importantes dos nosos nadadores/as.

Nembargantes, nesta tempada as metas principais para o noso club son:

- Manternos un ano máis na División de honra da Copa Galega de Clubs absoluta.
- Conseguir os mellores resultados nos distintos Campionatos galegos de cada categoría, así como nas ligas galegas de idades.
- Participar co maior número de nadadores/as posíbeis nos distintos Campionatos de España desta tempada.

Ferrol, 28 de agosto de 2010

A DIRECCIÓN TÉCNICA DO CLUB NATACIÓN FERROL